



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

O PINO

Aprobación definitiva da normativa de uso e funcionamento da piscina municipal de Lameiro, no Concello do Pino

ANUNCIO

O pleno municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2025, aprobou inicialmente a normativa de uso e funcionamento da Piscina Municipal de Lameiro, no Concello do Pino.

Transcorrido o prazo de 30 días de exposición pública sen alegacións ao mesmo, considérase aprobado definitivamente e publícase integramente de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local, publícase integramente o texto íntegro da ordenanza.

NORMATIVA DE USO E FUNCIONAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL DE LAMEIRO, NO CONCELLO DO PINO

ÍNDICE

Capítulo I: Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Horario de funcionamento

Capítulo II: Normas Xerais de Uso

Artigo 4. Acceso ás instalación

Artigo 5. Normas de hixiene e seguridade

Artigo 6. Comportamento dentro das instalación

Capítulo III: Responsabilidades e Sancións

Artigo 7. Responsabilidades

Artigo 8. Consideracións disciplinarias

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto O presente regulamento ten por obxecto regular o uso e funcionamento da piscina municipal exterior do Concello do Pino, garantindo a seguridade e o bo uso das instalacións por parte dos usuarios.

Artigo 2. Ámbito de aplicación Este regulamento será de aplicación a todas as persoas que accedan e fagan uso das instalacións da piscina municipal exterior.

Artigo 3. Horario de funcionamento A piscina abrirá ao público en tempada de verán, con horarios establecidos polo Concello e publicados con anterioridade. O Concello resérvase o dereito de modificar os horarios por motivos xustificadas.

Ditos horarios serán: apertura a finais do mes de xuño, e o peche a principios de setembro (coincidindo co final e inicio do curso escolar respectivamente). O seu horario será de luns a domingo de 12:00 a 20:00 horas.

CAPÍTULO II: NORMAS XERAIS DE USO

Artigo 4. Acceso ás instalacións

- Acceso á piscina está permitido a toda persoa que cumpra as condicións establecidas neste regulamento e satisfaga a taxa correspondente, salvo exencións establecidas polo Concello. O acceso á instalación realizarase mediante a identificación oportuna cun código QR que se poderá obter a través da seguinte app:
- Para dispositivos iOS: <https://apps.apple.com/es/app/concello-o-pino/id6739819072>
- Para dispositivos Android:
https://play.google.com/store/apps/details?id=com.galileo.concelloopino&pcampaignid=web_share
- Acceso directo á plataforma web: https://appreservas.com/reservas_galileo/6703f99c7fdbe8005f8c45c4

Para acceder ao interior da instalación é imprescindible pasar polo torno respectando as seguintes formas de acceso:

- Cursos de Natación, actividades dirixidas na auga e clubs de natación: situar a tarxeta ou código QR do usuario no lector asignado no torno e respectar os horarios do curso. Se o usuario é un neno e necesita a presenza dun adulto para cambiálo de roupa, este accederá co código do neno tanto para entrar como para saír.
- Usuarios de Baño Libre: situar o código QR da entrada puntual ou abono persoal no lector asignado no torno e respectar a duración máxima permitida de 1 hora por baño no vaso correspondente (isto aplicarase sempre e cando o número de persoas presentes, durante o baño, sexa maior ao que corresponde por cada vaso de piscina).
- Grupos: sempre que sexan grupos maiores a 30 persoas, deberán poñerse en contacto co responsable de deportes do concello para poder verificar a dispoñibilidade de prazas vacantes para poder entrar e deberán estar acompañados, cando menos, por un responsable maior de 21 anos, accedendo á instalación todos á vez polo paso asignado na entrada a piscina.
- Para persoas con mobilidade reducida ou para nais, pais ou titores con carriños de bebés poderán acceder a piscina por unha porta con código QR situado ao lado do torno. Esta entrada estará reservada única e exclusivamente para estas persoas.
- Está prohibido o acceso a menores de 14 anos sen a supervisión dunha persoa adulta responsable.
- Toda persoa deberá respectar as indicacións do persoal encargado da instalación.

Artigo 5. Normas de hixiene e seguridade

- É obrigatorio ducharse antes de acceder á auga.
- Non está permitido o uso da piscina a persoas con enfermidades contaxiosas ou feridas abertas visibles.
- Prohíbese introducir obxectos de vidro ou cortantes na zona da piscina.
- É obrigatorio o uso de roupa de baño axeitada.
- Prohibición de comer, beber e fumar na zona de praia reservada as persoas usuarias da piscina (decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia).
- Os usuarios deberán manter a limpeza e a orde en toda a instalación, así como no equipamento e material deportivo, ademais de manter un comportamento respectuoso co persoal e co resto de usuarios. O mal uso, a produción de danos na instalación ou no material implicará a súa reposición e a correspondente sanción.

Artigo 6. Comportamento dentro das instalacións

- Prohíbese correr, empurrar ou realizar xogos perigosos dentro e/ou arredor da piscina.
- Non está permitido saltar á auga de forma perigosa nin desde lugares non habilitados.
- Non se permite o uso de equipos de son que poidan molestar aos demais usuarios.
- É obrigatorio seguir en todo momento as instrucións do socorrista/monitor.

6.1. Vestiarios

- É obrigatorio o uso de chanclas para ducharse e circular polos vestiarios.
- O departamento de deportes non se responsabiliza dos obxectos extraviados, subtraídos ou esquecidos nos vestiarios, gabetas ou no interior da instalación. Recoméndase non levar obxectos de valor.
- Recoméndase a utilización das gabetas para gardar toda a indumentaria e obxectos persoais no seu interior.
- As gabetas deben quedar baleiras ao rematar o seu uso. Cada noite, o persoal da instalación procederá ao baleirado das mesmas. As chaves das gabetas non se poden sacar da instalación.
- As gabetas funcionan con moedas de 1 € , que deberá achegar o propio usuario.
- Tanto os vestiarios como o resto da instalación deben manterse nas mellores condicións posibles.
- Os nenos de xénero diferente ao do vestiario que estean utilizando, en ningún caso poderán superar os 6 anos, e non se permite a entrada do titor/a ao vestiario do sexo contrario.
- Se un neno/a non é capaz de valerse por si mesmo para cambiarse e o titor/a que o acompaña é de xénero contrario ao do neno/a, este utilizará o vestiario infantil, permitíndose a entrada do titor/a que o acompañe.
- Recoméndase utilizar os vestiarios coa maior rapidez posible.
- Na ducha, o uso moderado da auga é un beneficio para todos.

Non está permitido:

- Afeitarse, cortarse as uñas, depilarse, tinguirse, etc. nin outras accións de hixiene persoal.
- O uso de aparatos eléctricos nos vestiarios (incluídos secadores).
- A entrada de comida ou botellas de vidro nos vestiarios, así como comer no seu interior.
- Xogar nos vestiarios nin outras condutas lúdicas impropias.

6.2. Vasos da Piscina

- Acceso ao vaso realizarase mediante a identificación oportuna, respectando os horarios establecidos. En calquera momento, o persoal da instalación poderá requirir a presentación da identificación aos usuarios.
- É obrigatorio o uso de traxe de baño, gorro de baño, zocas de auga e recoméndase o uso de gafas de natación e tapóns protectores para os oídos.
- Por hixiene, é obrigatorio ducharse antes do baño e recoméndase facelo despois do mesmo.
- O vaso de ensino, así como as carrís designadas para os programas de natación, estarán reservados para uso exclusivo dos usuarios de dito curso, nas franxas horarias ofertadas a tal fin pola Área de Deportes, negándose o acceso ás mesmas a todos os usuarios alleos ao citado curso. En caso de dúbida acerca da ocupación das carrís ou do vaso de ensino, consúltese co socorrista.
- Os carrís, que non sexan ocupadas por cursos e/ou clubs ou asociacións estarán destinados para o resto de usuarios presentes na piscina.
- O socorrista será o encargado de organizar os carrís de uso libre e os destinados aos cursos de natación.
- Respetarase en todo momento a rúa destinada a cada actividade, atendendo ás sinalizacións correspondentes.
- A Dirección da Piscina Municipal resérvase o límite de usuarios por zona en función da posible saturación de diferentes espazos.
- O material da instalación é para uso interno e segundo dispoñan o técnico deportivo e/ou o persoal do servizo.
- Os usuarios deberán seguir en todo momento as instrucións ditadas polo/a socorrista e/ou persoal do servizo.
- Os/as menores de 11 anos estarán acompañados/as dun adulto durante o uso libre da instalación.
- As persoas que non saiban nadar ou padezan algunha doenza que supoñan un risco, deberán notificarlo na inscrición e avisar ao socorrista cada vez que entren no vaso.
- En caso de sentir calquera tipo de molestia, deberá saír da auga e comunicarllo ao socorrista.
- As persoas que padezan algunha enfermidade infecto contaxiosa non poderán acceder ao vaso mentres persista a mesma.
- Evitar entrar de golpe na auga para que non se produzan cambios bruscos de temperatura corporal e accidentes.
- Utilizar os servizos, aseos, duchas cando sexa necesario por motivos de hixiene.

Non está permitido:

- Xogar e/ou correr polas inmediacións da zona de baño.
- Facer piruetas, lanzamentos, saltos, etc., preto do vaso.
- Sentarse nas corcheas.
- Entrar na zona de baño con roupa e calzado de rúa, bolsas, botellas de cristal, etc.
- Comer e beber. Tampouco se permite mastigar chicles.
- Acceder ao vaso con maquillaxes, cremas ou apósitos de calquera tipo (tiritas, vendas, etc.).
- Morder o material destinado ao aprendizaxe.
- O emprego de colchonetas, flotadores, aletas, gafas de mergullo ou calquera elemento de risco para os usuarios, salvo indicación do/a técnico deportivo/a e/ou socorrista en momentos puntuais.
- Mostrar actitudes indecorosas ou molestas para o resto dos usuarios.

CAPÍTULO III: RESPONSABILIDADES E SANCIONES**Artigo 7. Responsabilidades**

- Concello do Pino non se fai responsable dos obxectos persoais extraviados ou subtraídos nas instalacións.

- Cada usuario é responsable do uso adecuado das instalacións e do cumprimento das normas establecidas.
- O incumprimento das normas pode supoñer a expulsión inmediata da piscina e, no caso de danos materiais, a obriga de aboar o custo da súa reparación.
- A Dirección da Piscina Municipal resérvase o dereito de suprimir ou modificar actividades, horarios e servizos cando o estime oportuno. Notificarase aos usuarios mediante aviso no taboleiro de anuncios.
- A piscina permanecerá pechada de principios/mediados de setembro até finais de xuño do ano seguinte. Abrirá as súas portas a finais de xuño até principios de setembro. O seu horario será de luns a domingo de 12:00 a 20:00 horas.
- En virtude da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase de que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro propiedade do Concello do Pino, autorizando a este o tratamento dos datos para o mantemento e xestión da oferta deportiva municipal.
- A dirección da Piscina Municipal non se fai responsable dos obxectos perdidos, abandonados ou subtraídos na instalación. Recoméndase non acudir ás instalacións con obxectos de valor e empregar as gabetas.
- A dirección da Piscina Municipal velará polo cumprimento da normativa xeral e doutras normas particulares. O feito de que a dirección non faga valer calquera dos seus dereitos non debe interpretarse como unha renuncia a eles.
- Deberanse respectar as normas xerais de uso e todas aquelas normas particulares e instrucións establecidas pola dirección da Piscina Municipal a través do persoal da instalación. O incumprimento de calquera norma establecida ou ditada pola Dirección ou polo persoal da instalación suporá a aplicación da correspondente sanción.
- En virtude da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil da honra, intimidade e propia imaxe, non está permitida a gravación de imaxes (fotografías, vídeos, etc.) en ningún punto da instalación salvo autorización expresa do departamento de deportes do concello.
- Os abonos da piscina son persoais e intransferibles.
- As actividades rematan 30 minutos antes do peche da instalación, e esta deberá abandonarse 15 minutos antes do peche (20:00h).
- Está prohibida a entrada de animais de compañía á instalación, excepto cans guía. No caso destes, deberán levar unha chapa no colar identificándoo como tal, e o dono deberá portar a documentación que acredite que está ao día en vacinas e desparasitacións
- Non está permitida a entrada de comida nin de botellas de vidro ás instalacións.
- O titular será responsable do uso que faga das instalacións, debendo cumprir en todo momento as normas vixentes do centro.
- Nas actividades non dirixidas, recoméndase que o usuario se asegure de ter un estado de saúde óptimo para a súa realización.

Artigo 8. Consideracións disciplinarias

A Área de Deportes do concello do Pino velará para que se teñan en conta as normas contidas no presente documento e adoptará medidas para favorecer a práctica deportiva, o uso das instalacións e os servizos que ofrece. Así, este departamento de deportes poderá expulsar ou denegar o acceso ás instalacións a aquelas persoas que non respecten algunha das normas contidas neste regulamento ou que sexan causantes de accións que poñan en perigo a práctica deportiva.

En xeral, serán obxecto de sanción os seguintes comportamentos ou feitos en función da súa natureza ou gravidade:

- Infraccións leves:
 - Comportamentos ou usos indebidos do material.
 - Calquera outro comportamento que perturbe o correcto funcionamento das actividades programadas.
- Infraccións graves:
 - Non respectar as normas do presente regulamento de instalacións deportivas.
 - Atentar contra os bens das infraestruturas, coa utilización indebida, perigosa ou destrutiva das instalacións, equipamento ou material deportivo de forma reiterada.
- Infraccións moi graves:
 - Actos contra o respecto e a convivencia pacífica (roubos, agresións etc.).

- Comportamento inadecuado ou irrespectuoso das persoas usuarias co persoal das instalacións ou con outras persoas usuarias.
- Falsificación, modificación ou cesión para un uso inadecuado da documentación necesaria para utilizar a Piscina Municipal do Concello do Pino.

A violación destas normas será motivo da interrupción inmediata da actividade e da expulsión da instalación de quen sexa responsable do feito, sen prexuízo das accións disciplinarias derivadas do comportamento que motive a expulsión.

A responsabilidade nestes casos será esixida:

- Quen sexa causante/s directamente da acción, en caso de coñecerse con seguridade a súa identidade, corroborada por testemuñas. No caso concreto de actividades vinculadas aos clubs deportivos considerarase a entidade a responsable subsidiaria quedando obrigada a arraxar os danos acaecidos.
- Ao persoal responsable/delegado do colectivo, se non existise coñecemento da identidade de quen sexa causante/s directamente da acción.
- No caso de incumprimento reiterado de horarios por parte de clubs deportivos ou persoas físicas suporá a anulación de todas as horas de uso das que dispoñan, con independencia do equipo ou persoa que cometa a infracción.

Por estes feitos poderanse adoptar as seguintes medidas ou sancións reflexadas en función da súa natureza ou gravidade:

- Infraccións leves:
 - Desposuír a persoa dos seus dereitos de reserva por grupos durante 15 días na piscina municipal do concello.
- Infraccións graves:
 - Desposuír a persoa dos seus dereitos de reserva por grupos durante 15 días na piscina municipal do concello.
 - Esixir as responsabilidades que o Concello do Pino determine polos danos producidos ao seu patrimonio.
- Infraccións moi graves:
 - Esixir as responsabilidades que o Concello do Pino determine polos danos producidos ao seu patrimonio.

DISPOSICIÓN FINAL O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa publicación e será de obrigado cumprimento para todos os usuarios da piscina municipal exterior do Concello do Pino.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello Ademais, remitirse á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O Pino, 20 de agosto de 2025

O alcalde, Manuel Taboada Vigo

2025/5530